

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE DEFENSA

6876 *Real decreto 296/2021, do 27 de abril, polo que se modifica o Regulamento de especialidades fundamentais das Forzas Armadas, aprobado polo Real decreto 711/2010, do 28 de maio.*

As estruturas e organizacións das Forzas Armadas deben ser flexibles para se poderen adaptar de modo oportuno á contorna de actuación onde desenvolven os seus labores, unha contorna que se prevé impredecible, dinámica, inestable e, atendendo ao desenvolvemento tecnolóxico, de crecente complexidade.

Neste sentido, co obxecto de acadar ese obxectivo, no Exército de Terra unifícanse determinadas especialidades fundamentais na escala de suboficiais e na escala de tropa do corpo xeral, modificacións que permitirán unha maior flexibilidade na xestión do persoal e favorecerán a súa mobilidade xeográfica. Os plans de estudo das especialidades resultantes serán similares aos xa existentes na escala de oficiais. Todo iso reforzará a comunidade de doutrina e o acordo intelectual entre os seus membros.

No caso do Exército do Aire, os cambios na contorna operativa e os avances tecnolóxicos afectaron o seu ámbito de responsabilidade tradicional, o espazo aéreo, ao estendendo ao espazo ultraterrestre (conformando o dominio aeroespacial) e ao ciberespazo, dominios en que se debe facer fronte a novos retos, ameazas e oportunidades.

Por iso, resulta necesario redefinir neste exército os campos de actividade ata o de agora viventes, ao se experimentaren cambios fundamentais nas actividades relacionadas co emprego dos sistemas de control aéreo e de guerra electrónica, que agora tamén deben cubrir o espazo ultraterrestre. Ademais, as ameazas actuais experimentaron unha forte evolución tecnolóxica e afectan de maneira moi significativa as actividades necesarias para garantir a seguridade de instalacións e recursos, a defensa local de bases fronte ataques, así como o funcionamento dos servizos de apoio directamente relacionados coas operacións aéreas. Neste novo escenario, son insuficientes as competencias específicas definidas no actual currículo da especialidade fundamental Defensa e control aéreo.

Do mesmo xeito, resulta necesario crear unha especialidade fundamental que dote o Exército do Aire de oficiais capacitados para operaren no ciberespazo, o que lles garantizará ás nosas forzas a necesaria liberdade de acción, ao potencialas e protexelas fronte a posibles riscos e ameazas que adoptaron novas formas no dominio do ciberespazo e que son executadas en todo tipo de conflitos.

Doutra banda, cómpre salientar que o contido desta disposición se alía plenamente cos obxectivos definidos na Estratexia nacional de ciberseguridade e coa Estratexia de seguridade aeroespacial nacional. Ambas as estratexias foron aprobadas polo Consello de Seguridade Nacional, o 12 de abril de 2019, para o desenvolvemento, nos seus respectivos ámbitos, das previsións da Estratexia de seguridade nacional de 2017.

Este real decreto adecúase aos principios de boa regulación conforme os cales deben actuar as administracións públicas no exercicio da iniciativa lexislativa e a potestade regulamentaria, como son os principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia, previstos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. En tal sentido, a norma contén a regulación imprescindible para cumprir os seus obxectivos; é coherente co resto do ordenamento xurídico; non contén cargas administrativas para persoas ou empresas, e procúrase con ela a racionalización da xestión dos recursos públicos.

Durante a súa tramitación, o contido do proxecto deste real decreto foi sometido a informe das asociacións profesionais rexistradas no Rexistro de Asociacións Profesionais

de Membros das Forzas Armadas, conforme o artigo 40.2.b) da Lei orgánica 9/2011, do 27 de xullo, de dereitos e deberes dos membros das Forzas Armadas. Finalmente, conforme o establecido no artigo 49.1.c) da citada lei orgánica, foi sometido a informe do Consello de Persoal das Forzas Armadas.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Defensa, coa aprobación previa do ministro de Política Territorial e Función Pública, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 27 de abril de 2021,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Regulamento de especialidades fundamentais das Forzas Armadas, aprobado polo Real decreto 711/2010, do 28 de maio.*

O Regulamento de especialidades fundamentais das Forzas Armadas, aprobado polo Real decreto 711/2010, do 28 de maio, queda modificado da seguinte maneira:

Un. O artigo 6 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 6. *Escala de suboficiais.*

Na escala de suboficiais do corpo xeral do Exército de Terra existirán as seguintes especialidades fundamentais:

- a) Infantaría.
- b) Cabalaría.
- c) Artillaría.
- d) Enxeñeiros.
- e) Transmisións.
- f) Aviación do Exército de Terra.
- g) Electrónica e telecomunicacións.
- h) Mantemento e montaxe de equipamentos.
- i) Informática.
- j) Automoción.
- k) Mantemento de aeronaves.
- l) Mantemento de armamento e material.»

Dous. O artigo 7 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 7. *Escala de tropa.*

Na escala de tropa do corpo xeral do Exército de Terra existirán as seguintes especialidades fundamentais:

- a) Infantaría.
- b) Cabalaría.
- c) Artillaría.
- d) Enxeñeiros.
- e) Transmisións.
- f) Apoio sanitario.
- g) Mantemento de vehículos.
- h) Mantemento de armamento e material.
- i) Mantemento de aeronaves.
- j) Mantemento electrónico e de telecomunicacións.
- k) Chapa e soldadura.
- l) Hostalaría.
- m) Montador de equipamentos.
- n) Música.»

Tres. O artigo 20 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 20. *Escala de oficiais.*

Na escala de oficiais do corpo xeral do Exército do Aire existirán as seguintes especialidades fundamentais:

- a) Voo.
- b) Defensa e control aeroespacial.
- c) Ciberespazo.»

Catro. Suprímense os campos de actividade das especialidades fundamentais de «Infantería lixeira», «Infantería acoirazada/mecanizada», «Artillaría de campaña» e de «Artillaría antiaérea», da escala de suboficiais do corpo xeral do Exército de Terra, do anexo I do regulamento, que quedan sen contido.

Cinco. Inclúese un novo campo de actividade da escala de suboficiais do corpo xeral do Exército de Terra, do anexo I do regulamento, correspondente á especialidade fundamental «Infantería», redactado do seguinte modo:

«Infantería: os militares con esta especialidade desenvolven actividades directamente relacionadas co mando, coa preparación e co emprego das unidades de infantería.»

Seis. Inclúese un novo campo de actividade da escala de suboficiais do corpo xeral do Exército de Terra, do anexo I do regulamento, correspondente á especialidade fundamental «Artillaría», redactado do seguinte modo:

«Artillaría: os militares con esta especialidade desenvolven actividades directamente relacionadas co mando, coa preparación e co emprego das unidades de artillaría.»

Sete. Suprímense os campos de actividade das especialidades fundamentais de «Infantería lixeira», «Infantería acoirazada/mecanizada», «Artillaría de campaña» e de «Artillaría antiaérea» da escala de tropa do corpo xeral do Exército de Terra, do anexo I do regulamento, que quedan sen contido.

Oito. Inclúese un novo campo de actividade da escala de tropa do corpo xeral do Exército de Terra, do anexo I do regulamento, correspondente á especialidade fundamental «Infantería», redactado do seguinte modo:

«Infantería: os militares con esta especialidade desenvolven actividades específicas relacionadas coas diferentes funcións de combate levadas a cabo nas unidades de infantería.»

Nove. Inclúese un novo campo de actividade da escala de tropa do corpo xeral do Exército de Terra, do anexo I do regulamento, correspondente á especialidade fundamental «Artillaría», redactado do seguinte modo:

«Artillaría: os militares con esta especialidade desenvolven actividades específicas relacionadas coas diferentes funcións de combate levadas a cabo nas unidades de artillaría.»

Dez. Os campos de actividade das especialidades fundamentais da escala de oficiais do corpo xeral do Exército do Aire, do anexo III do regulamento, quedan redactados do seguinte modo:

«Escala de oficiais:

Voo: os militares con esta especialidade desenvolven actividades directamente relacionadas co emprego das aeronaves e os seus sistemas.

Defensa e control aeroespacial: os militares con esta especialidade desenvolven actividades relacionadas co apoio ás operacións aéreas, coa seguridade e defensa de bases, instalacións e recursos aeroespaciais e coa xestión, vixilancia e control do espazo aéreo e ultraterrestre.

Ciberespazo: os militares con esta especialidade desenvolven actividades relacionadas co coñecemento, vixilancia e emprego dos elementos físicos e lóxicos que constitúen o ciberespazo.»

Disposición transitoria primeira. *Especialidades de orixe.*

1. As especialidades fundamentais adquiridas tras a entrada en vigor do Real decreto 711/2010, do 28 de maio, que se suprimen como consecuencia deste real decreto, son declaradas a extinguir.

2. O persoal militar con algunha destas especialidades fundamentais en situación de servizo activo ou, de ser o caso, en reserva, poderá continuar desempeñando as súas funcións conforme os campos de actividade establecidos para a súa especialidade fundamental con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto.

3. Para a escala de suboficiais, aquel persoal pertencente a algunha das especialidades fundamentais declaradas a extinguir como consecuencia deste real decreto, e que ingresou nesta escala con anterioridade ao 1 de agosto de 1998 pertencendo ás especialidades fundamentais de Infantaría ou Artillaría, poderá solicitar, con carácter voluntario e nun prazo de tres meses desde a entrada en vigor deste real decreto, a pertenza á nova especialidade fundamental correspondente, segundo proceda, de Infantaría ou Artillaría.

4. Para a escala de tropa, aquel persoal pertencente a algunha das especialidades fundamentais declaradas a extinguir como consecuencia deste real decreto, e que pertenceu ás especialidades fundamentais de Infantaría ou Artillaría con anterioridade ao 28 de novembro de 2000, poderá solicitar, con carácter voluntario e nun prazo de tres meses desde a entrada en vigor deste real decreto, a pertenza á nova especialidade fundamental correspondente, segundo proceda, de Infantaría ou Artillaría.

Disposición transitoria segunda. *Ensino de formación.*

1. A adquisición das especialidades fundamentais que este real decreto inclúe no regulamento quedará supeditada á entrada en vigor dos correspondentes currículos de ensino, que se elaborarán conforme os criterios que se determinan na Orde DEF/810/2015, do 4 de maio; na Orde DEF/1626/2015, do 29 de xullo, e na Orde DEF/479/2017, do 19 de maio, polas cales, respectivamente, se aproban as directrices xerais para a elaboración dos currículos do ensino de formación para o acceso ás diferentes escalas de oficiais, suboficiais e tropa e mariñeiría dos corpos das Forzas Armadas.

2. O persoal que, no momento da entrada en vigor deste real decreto, estea cursando ensinanzas de formación dirixidas á obtención de especialidades fundamentais declaradas a extinguir como consecuencia deste real decreto obteraa tras a superación dos correspondentes plans de estudos.

3. Mentres non entren en vigor os currículos das ensinanzas das novas especialidades fundamentais establecidas neste real decreto, poderanse seguir ofertando prazas das especialidades fundamentais descritas no punto anterior.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 27 de abril de 2021.

FELIPE R.

A ministra de Defensa,
MARGARITA ROBLES FERNÁNDEZ